

Que tal foi o traballo a semana pasada? Para esta temos dous traballos máis, que non podemos deixarnos ir, vale? Xa que estamos en casa imos aproveitar todo ese tempo libre para aprender algunhas cousas!

Para o luns 30/03/2020 tedes un traballo sobre os aparellos respiratorio e dixestivo. Trátase de debuxar e nomear nunhas siluetas as principais partes, substancias e procesos de cada aparello.

Para o mércores 1/04/2020 propóño-vos que fagades uns pulmóns caseiros. Soamente tedes que seguir os pasos do vídeo que vos indico.

Veña, a poñerse as pilas e traballar un pouco, que pronto nos veremos e quero botarlle unha ollada ao que fixestes!

Nome: _____

Traballo: “Aparellos respiratorio e dixestivo”

Imos facer unha silueta humana con varias capas. En cada unha das capas soamente tes que debuxar as partes principais dun aparello corporal e nomear as súas partes máis importantes.

- 1) Na seguinte folla tes o modelo da silueta. Fai unha copia do modelo para debuxar a unha persoa: se podes imprimir unha foto da túa cara podes pegala na cabeza ou debuxala, poñerlle flada, pantalóns, bañador, chándal, xersei, gafas...!
- 2) Despois fai outra copia da silueta e debuxa nela as partes, os órganos e condutos máis importantes do aparello respiratorio e escribe o seu nome na parte branca de fóra da silueta. Repasa o libro dixital para non deixar ningún atrás!
- 3) Fai unha terceira copia e debuxa nela, do mesmo xeito que antes, o aparello dixestivo.


Faino o máis limpo e claro posible e colorea os debuxos. Pensa que, ademais do traballo de debuxo, o realmente importante é que crees unha imaxe clara destes aparellos.

Cando remates isto inda queda unha cousa máis: os procesos! É dicir, debes debuxar as frechas e poñer os nomes necesarios para que se entenda, vendo o debuxo, como traballa ese aparello e que substancias viaxan de onde a onde, cales entran, cales saen, por onde...

Podes ver estes vídeos primeiro:

<https://www.youtube.com/watch?v=thUI3RfZUms>

<https://www.youtube.com/watch?v=CIhwGRIBEQ8>



Nome: _____

Traballo: “Obradoiro de pulmóns”

No anterior traballo repasamos as partes e funcionamento dos aparellos respiratorio e dixestivo. Pois agora toca poñelo un pouco en práctica. Vas facer uns pulmóns caseiros. É moi sinxelo, soamente tes que seguir os pasos deste vídeo. É moi probable que teñas en casa os materiais que precisas. E hai algún que non tes nin podes conseguir podes tentar cambialo por outro que cumpra a mesma función: por exemplo a silicona quente por pegamento ou incluso plastilina ou miga de pan ben apretada e amasada.

<https://www.youtube.com/watch?v=RO8QHYbXVes>